




Ruta Lagoa de Pallares



P Aparcamento
Aparcamento
(43.554348, -7.238526)

Sentido da marcha
Sentido de la marcha

Vistas

Patrimonio cultural

Igrexa
Iglesia

Lagoa
Laguna

Tempo / Tiempo:
1,5 - 2 horas.

Distança (circular):
5,5 Km

Desnivel acumulado:
88 m.

Desvíos a puntos de interese: / Desvíos a puntos de interés:
300m. (Ida e volta) / 300m. (Ida y vuelta)

Dificultade técnica / Dificultad técnica:
Moderada.

Terreo / Terreno:
70% de asfalto e 30% por sendeiros de terra
70% de asfalto y 30% por senderos de tierra.

Tramos compartidos con vehículos a motor.

Tramos compartidos con Camión Natural do Cantábrico.

Apta para bicicleta.

Severidade do medio natural / Severidad del medio natural
Orientación no itinerario / Orientación en el itinerario
Dificultade no desprazamento / Dificultad en el desplazamiento
Cantidad de esforzo necesario / Cantidad de esfuerzo necesario

2
 2
 2
 2

Esfuerzo necesario según MIDE / Esfuerzo necesario según MIDE

RECOMENDACIÓN / RECOMENDACIONES:

- Convén levar roupa e calzado cómodos e adaptados ás condicións meteorolóxicas, auga, prismáticos e teléfono móbil.
Conviene llevar ropa y calzado cómodos y adaptados a las condiciones meteorológicas, agua, prismáticos y teléfono móvil.
- Consulte as condicións meteorolóxicas antes de iniciar o roteiro.
Consulte las condiciones meteorológicas antes de iniciar la ruta.
- Teña en conta o seu estado físico e o seu equipamento.
Tenga en cuenta su estado físico y su equipamiento.

INTERPRETACIÓN DA SINALIZACIÓN FÍSICA INTERPRETACIÓN DE LA SEÑALIZACIÓN FÍSICA:

CONTINUIDADE
CONTINUIDAD



DIRECCIÓN



DIRECCIÓN ERRÓNEA

Nota: Non se descarta que, por actos vandálicos ou similares, a sinalización física presente deficiencias puntuais.
Nota: No se descarta que, por actos vandálicos o similares, la señalización presente deficiencias puntuales.

DESCRIPCIÓN:

A ruta comeza no aparcamento do campo de fútbol do Cascabeiro (coordenadas 43.554348, -7.238526). Dende este punto tomamos dirección norte para, a uns poucos metros, atopar un cruceiro de pedra, onde nos desviaremos á esquerda, tomando unha estrada local. A partir de aí comeza un descenso suave cara a contorna da ría de Foz-Masma que conta con diversos puntos desde onde obteremos unhas fermosas vistas á mesma podendo prestar atención á flora e fauna propia desta contorna natural.

Este esteiro é un dos puntos estratéxicos de Galicia para a observación de aves (recomendase levar prismáticos) e ademais, considérase unha xoia natural cuxo valor ambiental está avalado por diferentes figuras de protección tales como Zona de Especial Conservación (ZEC), Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA), e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Está incluída no inventario de humidais de Galicia e no catálogo de IBAs (Important Bird Areas).

Así mesmo, na contorna deste esteiro, descubriremos a pequena Lagoa de Pallares, que lle dá nome ao roteiro.

Bordeando o lugar de Pallares, volveremos a pasar por xunto á lagoa (tramo asfaltado) para, desta vez, desviarnos cara os lugares de Vilar e A Áspera e adentrarnos así na parte do roteiro máis vinculada ao patrimonio cultural de carácter etnográfico, relixioso e civil.



MÁS INFO PARA SEGUIR ESTA RUTA:

www.concellodebarreiros.gal /

www.barreirosturismo.gal

Perfil Wikiloc: "ConcellodeBarreiros"

Oficina de Turismo. Rúa Vila 78-bis
(Centro Sociocultural).

Tlf: 982 134 400.

turismo@concellodebarreiros.gal

A entidade promotora non se fai responsable do uso que se lle dea a este roteiro. Unha vez inicie o seguimento deste roteiro, o usuario deberá ser consciente de estar en boas condicións físicas e psíquicas para o desenvolvemento da devandita actividade.



+ info



Sígueme en
Google Maps

PUNTOS DE INTERESE:



Cruceiro de Viladaíde:

O cruceiro é un dos monumentos máis significativos da arte popular galega. Habitualmente, atópase situado en encrucilladas, beiras de camiños ou atrios de igrexas e cemiterios como elemento protector.

Neste caso, a cruz presenta a Cristo Crucificado e data de novembro de 2009 dado que a anterior fora roubada. Aínda hoxe se pode ver a diferenza entre a pedra vella do varal e a pedra nova da cruz.

Lugar de Xestelo:

Durante a baixamar este punto, situado á beira da desembocadura do rego de Esteiro, constitúe un bo lugar para a observación de especies de flora e fauna propias deste hábitat costeiro. Mesmo pode resultar unha boa zona de avistamento de aves dependendo do estado da marea.



Miradoiro de A Barcela:

Neste punto poderémonos recrear coas fermosas vistas panorámicas da ría do Masma, esteiro que conforma o límite natural entre os municipios de Barreiros e Foz. Na imaxe pódense ver algúns dos topónimos de ambas as beiras deste humidal protexido. Galicia posúe unha gran riqueza toponímica que forma parte do patrimonio cultural inmaterial da rexión.

Seimarín. Vistas á ría:

Neste punto poderemos desviarnos brevemente da ruta para achegarnos ata a beira da ría e, de novo, gozar de fermosas vistas á mesma dende o lugar coñecido como Seimarín.

Distancia aproximada: 100 metros.



Lagoa de Pallares:

Esta lagoa nace a partir dunha antiga canteira naturalizada e reconvertida nun espazo natural.

No centro da mesma podemos ver unha zona de masiega (*Cladium mariscus*), espadanas (*Typha*) e carrizos (*Phragmites australis*). Aínda que son moi fuxidíos e cada vez máis infrecuentes, con sorte, sempre que camuflemos a nosa presenza, poderemos observar especies de aves como o mergullón pequeno (*Tachybaptus ruficollis*), a pita de río (*Gallinula chloropus*), e na invernada a cerceta (*Anas crecca*).



Lugar de Pallares:

Desde este alto, ao carón da vía do tren, obteremos unha boa perspectiva sobre unha zona de marismas que, principalmente durante o intermareal, constitúe un repousadoiro para aves limícolas como a píldora cincenta (*Pluvialis squatarola*), o pilro común (*Calidris alpina*), ou o mazarico rubio (*Limosa lapponica*). En canto ás rapaces destacan a águia pescadora (*Pandion haliaetus*), e a tartaraña das xunqueiras (*Circus aeruginosus*), dúas especies de gran interese no ámbito da ornitloxía.



Horreos tipo Mondoñedo e tipo Ribadeo:

Barreiros conta cun gran número destas construcións tipicamente rurais tamén coñecidas como "cabozos". A súa funcionalidade principal era a de almacenar e secar o gran de millo pero tamén doutros cereais. Á esquerda da estrada atopamos un "hórreo tipo Mondoñedo" caracterizado por posuír a base de pedra, e a cámara de secado de madeira. Uns metros máis adiante, á dereita, poderemos observar un "hórreo tipo Ribadeo" que se diferencia do anterior por estar construído en pedra e posuír dous pisos, o celeiro, a modo de almacén, na planta baixa e a cámara de secado na parte superior.



Lavadoiro de A Áspera e Vilar:

ATENCIÓN: zona esvaradía e inundable.

Distancia aproximada ao punto de interese: 30 metros.

Os lavadoiros antigos ademais dunha infraestrutura para o lavado da roupa eran puntos de encontro e de faladoiro para as mulleres do lugar. Neste caso daba servizo aos núcleos rurais de Áspera e Vilar e foi construído en 1911 aproveitando a corrente do rego de Esteiro. Os últimos postos utilizábanse para o enxaboado da roupa e os primeiros para o seu aclarado, dado que é a zona por onde entra a auga limpa.



Igrexa de San Cosme en Vilar:

Foi a igrexa parroquial de San Cosme ata a construción da actual no núcleo urbano. Con todo, continúa desempeñando a función de templo co-parroquial e aquí sitúase o camposanto. Trátase dunha sinxela obra dos séculos XVII e XVIII propia do rural galego. Como curiosidade, no exterior do brazo dereito do cruceiro conta cun reloxo de sol feito en lousa. No seu interior, destaca un fermoso retablo maior da segunda metade do século XVIII do que resaltan as súas columnas salomónicas e vivas cores.



Casa indiana na Áspera:

Coñécese como "indianos" aos emigrantes que conseguiron facer fortuna nas Américas a finais do século XIX e principios do XX. Un dos seus propósitos ao regresar ao seu lugar de orixe era o de construír suntuosas vivendas que demostrasen o éxito conseguido amosando así o seu refinamento cultural e nova posición social. Esta vivenda, coñecida como "Casa Grande" foi promovida por Ignacio López e data de 1907. Merece a pena adicar uns minutos a observar os seus detalles decorativos así como o xardín de estilo francés que se dispón na entrada da casa.



Pombal no Cascabeiro:

Durante séculos, ter un pombal foi privilexio de pazos, grandes casas labregas e reitorais. Construíanse a modo de refuxio e criadeiro para as pombas. Na parte alta dos seus muros, xusto por baixo do tellado, ábrense uns ocos que serven de entrada e saída destas aves. No seu interior dispoñen de pequenos nichos nas paredes onde as pombas facían os seus niños. Hoxe en día forman parte do noso patrimonio etnográfico e en Barreiros contamos con vistosos exemplos.



CONCELLO DE
BARREIROS



Barreiros
queda en ti



Barreiros Turismo